

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Persoal, oposicións

PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE CONTRATACIÓN DE OPERARIA DE LIMPEZA E A CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

DECRETO ALCALDÍA

Expediente Xestiona: 2064/2022

Proceso Excepcional de Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Lalín

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello. Posteriormente ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 247 de data 28/12/2022, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín.

As resolucións das listas provisionais e definitivas de aspirantes admitidos/excluídos foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 do 6/03/2023 e número 66 de 4/04/2023, respectivamente, aparte de na páxina web e na sede electrónica, tal e como se indica nas bases. Posteriormente procedeuse á publicación da acta provisional e definitiva na páxina web e na sede electrónica.

- Visto e enterado dos informes de Secretaría de data 24/05/2022 e o informe/solicitud de data 22/05/2023.
- Visto o Informe xurídico de data 23/05/2023 emitido ao efecto polo Técnico da Deputación de Pontevedra en virtude do Convenio de Colaboración asinado 14/07/2022 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín.
- Visto o Informe xurídico de data 23/05/2023 emitido ao efecto polo Xefe de Servizo de Persoal e Emprego, deste Concello de Lalín.

Tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así coma nas disposicións concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,



Venres, 23 de xuño de 2023

Núm. 121

DISPOÑO:

Primeiro : Aprobar a seguinte proposta realizada polo Tribunal Cualificador de contratación e constitución da respectiva bolsa de emprego, tal e como se recolle na acta definitiva con data 19/06/2023 , publicada na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín :

1.-PROPOSTA DE CONTRATACIÓN . PRAZA: OPERARIO/A DE LIMPEZA (AGP) (CONCURSO)

De conformidade co establecido na Base Duodécima, procédese á aprobación da proposta de contratación realizada polo Tribunal Cualificador como persoal laboral fixo da seguinte aspirante:

1.	Villanueva Barreira, María Josefa	***0979**	100
----	-----------------------------------	-----------	-----

Para os efectos previstos na Base Décimo Terceira, procédese á aprobación da proposta do Tribunal Cualificador de creación da bolsa de emprego, cos candidatos/as correspondentes, seguindo a orde detallada e figurando aqueles aspirantes que tiveran unha puntuación igual ou superior a 30 puntos:

1.	Nogueira Carral, María del Carmen	***2279**	96,10
2.	Figueiredo Crespo, José	***0760**	34,64

Segundo: Segundo a base duodécima, esta resolución publicarase na páxina web, na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A aspirante proposta para a contratación disporá dun prazo de 10 días hábiles para presentar no Rexistro Electrónico do Concello de Lalín mediante o procedemento específico a seguinte documentación:

- Informe médico oficial actualizado
- Declaración responsable de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración responsable de que a persoa proposta non está incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde, D. José Crespo Iglesias.—Dou fe, O Secretario, D. César López Arribas

